



## CONVOCATORIA DE PRAZAS DE ALOXAMENTO PARA OS ESTUDANTES DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA NAS RESIDENCIAS PÚBLICAS UNIVERSITARIAS DOS CAMPUS DA CORUÑA E FERROL 2023/24

A Universidade da Coruña (UDC) convoca **prazas de aloxamento** nas residencias públicas universitarias dos campus da Coruña e Ferrol para o curso académico 2023/24, de acordo coas seguintes bases:

### 1. SOLICITANTES

Alumnado de grao e máster que se matricule a **tempo completo** nun centro da UDC, nos campus da Coruña e Ferrol, para o curso 2023/24 e que cumpra os requisitos recollidos no ANEXO I desta convocatoria.

### 2. EXCLUSIÓNS

Ademais das persoas que non cumpran os requisitos esixidos nesta convocatoria, non poderán ser admitidas as solicitudes das persoas que se encontren nalgun dos seguintes casos:

- a) Persoas que o 30.06.2023 manteñan cantidades pendentes de pago á UDC, do curso 2022/23 ou anteriores.
- b) Residencia Pública Universitaria Elvira Bao, A Coruña: como regra xeral, quen teña o domicilio familiar no concello da Coruña ou na súa área metropolitana, que comprende os concellos de: A Laracha, Carballo, Betanzos, Oza-Cesuras, Miño, Curtis, Arteixo, Cambre, Culleredo, Oleiros, Bergondo, Sada, Abegondo, Carral, Cerceda e Ordes.

Estas áreas se establecen pola distancia entre o domicilio familiar durante o curso e o centro docente, os medios de comunicación existentes así como as súas frecuencias e os horarios lectivos.

- c) Residencia Pública Universitaria de Ferrol: como regra xeral, quen teña o domicilio familiar no concello de Ferrol ou na súa área metropolitana, que comprende os concellos de: Miño, Cabanas, Pontedeume, Fene, Narón, Valdoviño, Neda, Ares, Mugar dos e Cedeira.

Estas áreas se establecen pola distancia entre o domicilio familiar durante o curso e o centro docente, os medios de comunicación existentes así como as súas frecuencias e os horarios lectivos

- d) Persoas que superen os límites de renda e patrimonio familiar marcados no Real Decreto 117/2023 de 21 de febreiro, polo que se establecen os límites de renda e patrimonio e axudas ao estudo para o curso 2023/24, e se modifica parcialmente o Real Decreto 1721/2007, de 21 de decembro, polo que se establece o réxime das bolsas e axudas ao estudo personalizadas, ou cuxa renda persoal dispoñible supere os 13.500,00 €.
- e) Alumnado da UDC que no curso 2023/24 participe no programa Erasmus, nun programa de intercambio ou nun convenio bilateral de mobilidade.

### 3. NÚMERO DE PRAZAS, PREZOS E DURACIÓN DAS ESTADÍAS

#### 3.1. Número de prazas, cotas de reserva e prezos

a) O número de prazas ofertadas nas residencias públicas universitarias da UDC é o que segue:

Residencia Pública Universitaria Elvira Bao, A Coruña: **108 prazas**

Residencia Pública Universitaria de Ferrol: **25 prazas**

Estas prazas ofertaranse sempre e cando se garantan as condicións sanitarias do momento.

Se aumentase o número de prazas dispoñibles, adjudicaráselle ás persoas que lles correspondesen consonte coa listaxe de agarda.

b) Das prazas totais realizaranse as seguintes reservas:

RESERVA DE PRAZAS ALUMNADO	ELVIRA BAO, A CORUÑA	FERROL
Alumnado 1º por primeira vez	22	5
Convenios asinados pola UDC	2	2
Alumnado de mobilidade internacional*	6	2
Alumnado con mobilidade reducida	2	1
Deportistas de alto nivel e alto rendemento	3	1

\* O alumnado de mobilidade internacional entregará a súa solicitude de praza na Oficina de Relacións Internacionais da UDC.

Todas as prazas das cotas reservadas en caso de non cubrirse, acumularanse á cota xeral.

As prazas reservadas para o alumnado que vén por convenios asinados pola UDC son gratuítas, se así se recolle nas súas cláusulas.

As prazas reservadas para o alumnado con mobilidade reducida, son para aquel alumnado cunha discapacidade igual ou superior ao 33%, asociada a dificultades na súa mobilidade, e que necesiten un cuarto adaptado.

En relación coas prazas reservadas neste apartado, se consideran deportistas de alto nivel as persoas seleccionadas para representar ao noso país nos Xogos Olímpicos de 2020 ou cumprir con algún dos seguintes requisitos dende a data límite de presentación de solicitudes até un ano anterior:

- Ser na actualidade deportista de alto nivel ou alto rendemento, de conformidade co establecido no Real decreto 971/2007, do 13 de xullo.
- Ser na actualidade deportista galego/a de alto nivel (DGAN), de alto rendemento e de rendemento deportivo de base de Galicia, de conformidade co establecido no Decreto 165/2020, do 17 de setembro e a Orde do 23 de xuño de 2021.

- Quedar clasificado/a nos tres primeiros postos en campionatos oficiais nacionais de máxima categoría durante o curso académico 2022/23. Ser seleccionado/a para representar ao noso país en campionatos de Europa, do Mundo de competicións oficiais, e /ou universitarias FISU e Xogos do Mediterráneo.
  - Quedar clasificado/a nos tres primeiros postos nos campionatos de España universitarios ou nos campionatos universitarios internacionais, no curso académico 2022/23 en representación da Universidade da Coruña.
  - Ter a condición de Deportista de alto nivel da UDC (DANUDC) no curso académico 2022/23.
- c) O tipo de cuarto, individual ou dobre, e os prezos que deberá satisfacer o alumnado recóllese no **ANEXO II**.

### 3.2. Duración das estadias

O período de duración das estadias será do 1 de setembro de 2023 até o 30 de xuño de 2024. As entradas durante o mes de setembro posteriores á data indicada, ou saídas durante o mes xuño anteriores á data indicada non implicará modificación de prezo.

No caso de querer prorrogar a súa estadia nas residencias, poderá solicitalo e aboar o importe correspondente.

As residencias permanecerán pechadas do 22 de decembro de 2023 até o 7 de xaneiro de 2024 e do 23 de marzo ao 1 de abril de 2024, ambos inclusive, excepto que alcance o 10% da ocupación de prazas nese momento, sen que esta circunstancia implique ningunha redución dos prezos. A petición de permanencia na residencia nestas datas deberá comunicarse cunha antelación mínima de 10 días naturais aos enderezos electrónicos:

[residenciauniversitaria.ferrol@udc.gal](mailto:residenciauniversitaria.ferrol@udc.gal) ou [residenciauniversitaria.coruna@udc.gal](mailto:residenciauniversitaria.coruna@udc.gal) segundo corresponda.

## 4. PROCEDIMENTO, PRAZO E LUGAR DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES

### 4.1. Procedemento e lugar de presentación

- a) Alumnado de **renovación ou que xa estivera matriculado nalgún curso na UDC**: cubrirá a solicitude de praza de forma telemática a través da aplicación á que se accede dende o seguinte enlace:  
<https://aplicacions.sic.udc.es/SolicitudResidencias>

A solicitude cuberta servirá como resgardo.

A documentación requirida no ANEXO III incluírase, xunto coa solicitude asinada, na plataforma informática.

- b) Alumnado que se vaia a matricular **por primeira vez na UDC**: solicitará a praza a través do formulario que figura como ANEXO V (A Coruña) ou ANEXO VI (Ferrol) ao final desta convocatoria.

Unha vez impreso/cuberto o formulario, a persoa solicitante deberá asinalo, **xunto dos demais membros computables da unidade familiar**, e presentalo coa documentación esixida nos anexos desta convocatoria:

- Na Coruña: na Sección de Bolsas, Pavillón de Estudantes (campus A Coruña - Elviña)

- En Ferrol: en el Rexistro Xeral, Edificio de Usos Administrativos (campus Ferrol - Esteiro)
- Ou por calquera dos procedementos establecidos no art. 16 de la Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Neste caso, deberán adiantar por correo electrónico a solicitud ao enderezo de correo electrónico: [bolsas@udc.gal](mailto:bolsas@udc.gal), co asunto: RESIDENCIAS UNIVERSITARIAS\_2023/24.

#### 4.2. Prazo de presentación

O prazo de solicitud permanecerá aberto dende o 14 de xuño de 2023 até as 14:00 h del 14 de xullo de 2023.

Admitirase unha única solicitud por persoa.

### 5. TRAMITACIÓN DAS SOLICITUDES

As solicitudes valoraranse de acordo cos criterios académicos e económicos que se sinalan nesta convocatoria e adxudicánselle ao alumnado con maior puntuación total.

Unha vez rematado o proceso de avaliación de solicitudes, publicaranse as relacións provisionais das persoas admitidas, coa puntuación acadada, e as excluídas, xunto coa causa de exclusión.

As persoas excluídas disporán dun prazo de cinco días hábiles para presentar alegacións e/ou achegar a documentación que permita emendar os posibles erros.

Rematado o prazo de alegacións, publicaranse as listaxes definitivas de persoas admitidas, a lista de espera e a relación de persoas excluídas. Todas as publicacións serán no Taboleiro Electrónico Oficial da UDC (TEO).

Ao día seguinte da publicación da resolución definitiva abrírase o formulario para solicitar praza nas residencias (de haber vacantes) segundo a Instrución 1/2023-2024, a través del formulario:

<https://www.udc.gal/gl/sape/aloxamento/>

Para consultas sobre este procedemento:

- Residencia Pública Universitaria Elvira Bao, A Coruña: [residenciauniversitaria.coruna@udc.gal](mailto:residenciauniversitaria.coruna@udc.gal)
- Residencia Pública Universitaria de Ferrol: [residenciauniversitaria.ferrol@udc.gal](mailto:residenciauniversitaria.ferrol@udc.gal)

### 6. ACEPTACIÓN, ENTREGA E DEVOLUCIÓN DA FIANZA

Dende o día seguinte á publicación da listaxe definitiva de persoas admitidas, o alumnado disporá de **cinco días hábiles** para aceptar a praza e depositar a correspondente fianza:

- **150 €** se lle foi adxudicado un **cuarto dobre**
- **200 €** se lle foi adxudicado un **cuarto individual**

O procedemento para o ingreso publicarase xunto coa resolución definitiva de adxudicación.

O xustificante de dito ingreso enviarase por correo electrónico a [bolsas@udc.gal](mailto:bolsas@udc.gal), e servirá como confirmación da aceptación da praza por parte da persoa adxudicataria.

A asignación dos cuartos efectuarase nas propias residencias, e o alumnado deberá asinar o documento de

aceptación da condicións xerais que rexen o aloxamento nas residencias.

Se non cumprise algún destes trámites, entenderase que renuncia á praza que se lle concedeu e se procederá a cubrila coa persoa á que lle corresponda da listaxe de espera.

A fianza devolverase ao final do curso, agás naqueles casos en que o alumnado deteriorase as instalacións ou a moblaxe da residencia, teña débedas pendentes ou abandone a residencia por decisión propia antes de rematar o curso. Neste último caso a fianza poderá devolverse en casos excepcionais debidamente xustificadas.

## 7. PERDA DO DEREITO Á PRAZA

Ademais dos que se recollen noutros apartados desta convocatoria, serán motivos de perda de dereito a praza que se conceda nas residencias da UDC, os seguintes:

- a) O atraso no pagamento das cotas da residencia de dous meses.
- b) A cesión de calquera tipo a outra persoa da praza que se lle concedeu.
- c) A anulación ou suspensión da matrícula na UDC.
- d) A modificación da matrícula, se debido a isto, o alumnado deixa de estar matriculado a tempo completo (segundo o disposto na base 1.)
- e) O incumprimento dos protocolos sanitarios durante a permanencia na residencia.
- f) Os recollidos no Regulamento de réxime interno das Residencias Universitarias Públicas.

## 8. COMPROBACIÓN DE DATOS

A Universidade da Coruña poderá obter os datos necesarios para verificar o cumprimento dos requisitos de renda e patrimonio das administracións públicas, agás que a persoa interesada se opoña. No caso de existir oposición, ou que as administracións públicas non dispoñan de datos ou existan dificultades técnicas que impidan a súa cesión, a persoa solicitante deberá presentar os documentos que acheguen información sobre a renda e o patrimonio da unidade familiar.

Por tanto, rematado o proceso de adjudicación de prazas, a UDC verificará na Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT) a exactitude dos datos económicos achegados polas persoas solicitantes. De existir discrepancias ao respecto dos datos declarados, procederase á revogación da praza concedida.

As prazas adjudicadas serán revogadas en calquera caso cando non se cumpran os requisitos establecidos, cando exista unha ocultación ou un falseamento nos datos achegados ou por aquela circunstancia sobrevida que faga que a persoa beneficiaria deixe de reunir os requisitos esixidos.

A UDC poderá determinar que se produciu a ocultación ou o falseamento de información por calquera medio de proba, e, en particular, mediante os datos que obren en poder de calquera administración pública.

A UDC tamén poderá denegar a praza, ou proceder á súa revogación, no caso de detectar unidades familiares que xustifiquen uns ingresos que obxectivamente estean por debaixo do seu nivel de gastos, se non acreditan os medios de vida con que contan.

## 9. RÉXIME XURÍDICO DESTA CONVOCATORIA

Aplicarase como normativa supletoria a esta convocatoria a seguinte normativa:

Real Decreto 1721/2007, do 21 de decembro, polo que se establece o Réxime das Bolsas e Axudas ao estudo personalizadas.

Real Decreto 117/2023 de 21 de febreiro, polo que se establecen os límites de renda e patrimonio e axudas ao estudo para o curso 2023/24, e modifícase parcialmente o Real Decreto 1721/2007, de 21 de decembro, polo que se establece o réxime das bolsas e axudas ao estudo personalizadas.

Resolución de 15 de marzo de 2023, da Secretaría de Estado de Educación, pola que se convocan becas de carácter xeral para o curso académico 2023/24, para estudantes que cursen estudos postobrigatorios, (BOE 17/03/2023)

## 10. AUTORIZACIÓN PARA OBTEN DATOS DA AEAT

A presentación da solicitude de praza nas residencias públicas implicará autorizar á UDC para obter e verificar, a través das correspondentes administracións tributarias, os datos precisos para determinar a renda dos membros computables da unidade familiar da persoa solicitante. Así mesmo, comportará que a UDC quede autorizada para comprobar aquelas outras situacións acreditativas das situacións persoais alegadas, cuxa información estea en poder dalgunha administración pública.

## 11. INCOMPATIBILIDADES

A axuda nos prezos desta convocatoria que constan no Anexo II, 2.1 a, é incompatible con outras axudas para a mesma finalidade. O alumnado que teña concedido o compoñente de residencia da bolsa xeral do Ministerio de Educación e Formación Profesional (MEFP), deberá aboar a cota marcada no punto 2.1 b, do citado Anexo II. Se desexa manter a cota subvencionada pola UDC, deberá renunciar ao compoñente de residencia da bolsa do MEFP.

## 12. PROTECCIÓN DE DATOS

En cumprimento do artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos (Regulamento Xeral de Protección de Datos-RXPD), e do artigo 11 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPD), informamos de que os datos que a persoa interesada facilite mediante a concorrencia a esta convocatoria serán tratados baixo a responsabilidade da Universidade da Coruña (UDC), cos datos de contacto rúa Maestranza 9, 15001, A Coruña, teléfono 981167000, correo electrónico [secretaria.xeral@udc.gal](mailto:secretaria.xeral@udc.gal)

A solicitude dunha praza nas residencias públicas universitarias ao abeiro desta convocatoria, implica a aceptación do seu contido e a autorización para que os seus datos persoais sexan utilizados pola universidade, de acordo coa LOPD, coa finalidade da xestión correcta da adxudicación das prazas. Todas as persoas que teñan contacto con estes datos coa citada finalidade, cumprarán o deber de confidencialidade establecido no artigo 5 da LOPD. A Fundación UDC será a encargada de xestionar as altas e baixas do alumnado adxudicatario de praza consonte a esta convocatoria, para o cal a UDC comunicarlle os datos necesarios para desempeñar esta función, tal e como se reflicte no Encargo de xestión á Fundación UDC (datos de identidade, datos bancarios, situacións persoais necesarias para a correcta prestación do servizo e datos relativos ao uso dos servizos da residencia).

Mediante a concorrencia a esta convocatoria, a persoa interesada consente expresamente a publicación dos seus datos na resolución da solicitude no Taboleiro Oficial da Sede electrónica da UDC, na forma prevista na disposición adicional 7ª da Lei orgánica 3/2018, de protección de datos persoais. A resolución desta convocatoria permanecerá publicada no dito taboleiro. Os datos persoais serán conservados mentres resulten necesarios para as finalidades do tratamento e, en todo caso, durante os prazos establecidos pola lexislación vixente, sen prexuízo do previsto en relación co exercicio do dereito de supresión e outros dereitos recollidos na LOPD.

A persoa interesada consente o tratamento dos datos para os efectos de cumprir coa finalidade descrita nesta convocatoria, e terá dereito a retirar o seu consentimento en calquera momento, sen efectos retroactivos, agás que o tratamento dos datos quedase xustificado con algunha das outras bases de lexitimación previstas no artigo 6 do RGPD. Ten dereito a solicitar ao responsable do tratamento, en calquera momento, o acceso, rectificación ou supresión dos seus datos persoais e a limitación do seu tratamento. Tamén terá dereito a opoñerse ao citado tratamento, así como a solicitar, salvo casos de interese público e/ou exercicio de poder público, a portabilidade dos seus datos.

Estes dereitos poderaos exercer:

- Prioritariamente, a través do formulario para o exercicio dos dereitos en materia de protección de datos persoais, que figura na Sede Electrónica da UDC (<https://sede.udc.gal/>) no apartado Outros trámites;
- Mediante unha solicitude ao responsable do tratamento dos datos (UDC, Secretaría Xeral), no enderezo Secretaría Xeral, Reitoría da Universidade da Coruña, rúa Maestranza 9, 15001, A Coruña, ou no correo electrónico [rpd@udc.gal](mailto:rpd@udc.gal); tamén poderá presentar a solicitude a través do rexistro telemático da Sede Electrónica da UDC ou nos rexistros presenciais da UDC.
- Mediante unha solicitude á persoa delegada de Protección de Datos, ao mesmo enderezo postal anteriormente indicado, ou ao correo electrónico [dpd@udc.gal](mailto:dpd@udc.gal); tamén poderá presentar a solicitude a través do rexistro telemático da citada Sede Electrónica ou os rexistros presenciais da UDC.

Así mesmo, ten dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD).

## DISPOSICIÓN FINAL PRIMEIRA

Para os efectos previstos no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, esta convocatoria e os sucesivos actos do procedemento a que atinxe, cuxa publicación se determina nestas bases, serán publicados no Taboleiro Electrónico Oficial da UDC.

## DISPOSICIÓN FINAL SEGUNDA

Se como consecuencia dalgunha situación excepcional, fose preciso unha redistribución á baixa na asignación das prazas dispoñibles ou o establecemento de medidas nas instalacións das residencias universitarias, autorízase a Vicerreitoría de Estudantes Participación e Empregabilidade e a Vicerreitoría do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social, para realizar a distribución á baixa na asignación das prazas dispoñibles.

Na data de sinatura dixital

O reitor

Julio E. Abalde Alonso

## ANEXO I. REQUISITOS XERAIS QUE DEBEN CUMPRIR AS PERSOAS SOLICITANTES

### 1. En relación coa vivenda habitual

- a) Residencia Pública Universitaria da Coruña, Elvira Bao: como regra xeral o domicilio familiar deberá estar fóra do municipio da Coruña ou da súa área metropolitana, que comprende os municipios da Laracha, Carballo, Betanzos, Oza-Cesuras, Miño, Curtis, Arteixo, Cambre, Culleredo, Oleiros, Bergondo, Sada, Abegondo, Carral, Cerceda e Ordes.

Estas áreas establécense pola distancia entre o domicilio familiar durante o curso e o centro docente, os medios de comunicación existentes así como as súas frecuencias e os horarios lectivos.

- b) Residencia Pública Universitaria de Ferrol: como regra xeral o domicilio familiar deberá estar fóra do municipio de Ferrol ou da súa área metropolitana, que comprende os municipios de Miño, Cabanas, Pontedeume, Fene, Narón, Valdoviño, Neda, Ares, Mugardos e Cedeira.

Estas áreas establécense pola distancia entre o domicilio familiar durante o curso e o centro docente, os medios de comunicación existentes así como as súas frecuencias e os horarios lectivos.

Para a adxudicación das prazas requírase que a persoa solicitante acredite que, por razón da distancia do domicilio familiar ao centro docente e os medios de comunicación existentes, ten que residir fora do domicilio familiar durante o curso.

### 2. En relación coa matrícula

Matricularse a **tempo completo** en calquera dos graos ou másteres universitarios oficiais que oferta a UDC no curso 2023/24, nos centros do campus da Coruña ou de Ferrol.

### 3. En relación coa nota media

#### 3.1. Alumnado de primeiro por primeira vez na UDC:

- O alumnado que acceda por primeira vez aos estudos universitarios a través das probas de avaliación do bacharelato para o acceso á universidade (ABAU) deberá obter nas ditas probas unha cualificación igual ou superior a 5, excluída a nota da parte voluntaria.
- No caso do alumnado que acceda por primeira vez a estudos universitarios por outras vías, deberá ter unha nota media igual ou superior a 5 nos estudos que lle dean acceso.
- Alumnado de máster por primeira vez na UDC deberá ter unha nota media igual ou superior a 5 nos estudos de acceso ao máster.

#### 3.2. O alumnado que continúe os seus estudos nun grao ou máster universitario oficial da UDC deberá ter como mínimo a media seguinte no seu expediente académico:

- a) En estudos de ensinanza técnica: 3,5
- b) Nos restantes estudos universitarios: 4

En todos os casos a puntuación académica calcularase en base 10 e estará referida á convocatoria de xullo de 2023.



### 3.3. Para o cálculo da nota media en base 10 aplicaranse estas regras:

- a) As cualificacións se computarán de acordo co seguinte baremo:
- Mención de matrícula de honra (sobresaliente e mención): 10 puntos
  - Sobresaliente (entre 9 e 10 puntos): 9 puntos
  - Notable (entre 7 e 8,9 puntos): 7,5 puntos
  - Aprobado ou apto (entre 5 e 6,9 puntos): 5,5 puntos
  - Suspenso, non presentado, renuncia, anulación de convocatoria: 2,5 puntos
- b) Cando se trate de plans de estudo organizados en créditos, a puntuación que resulta de aplicar o baremo anterior a cada materia ponderarase en función do número de créditos que a integren, de acordo coa seguinte formula:

$$V = \frac{P \times NC_a}{NC_t}$$

Onde:

$V$  é o valor resultante da ponderación da nota media obtida en cada materia.

$P$  é a puntuación de cada materia segundo o baremo establecido no apartado anterior.

$NC_a$  é o número de créditos da materia.

$NC_t$  é o número de créditos cursados e que teñen a consideración de computables nesta convocatoria.

Os valores resultantes da aplicación da fórmula sumaranse e o resultado será a nota media final.

No caso do alumnado que non estivo matriculado na universidade no curso 2022/23, os requisitos académicos esixiránelles respecto ao último curso realizado.

No caso de resultaren prazas vacantes poderánelles conceder ás persoas solicitantes que non cumpran coa nota media esixida en cada caso. Concederánelles en primeiro lugar ás que fosen residentes no curso anterior, empezando polas de nota media máis alta, e a continuación ás persoas solicitantes de nova admisión, empezando polas de renda dispoñible máis baixa.

#### 4. Renovación das prazas de aloxamento

A renovación será preferente nos seguintes casos:

- a. Se as persoas solicitantes cumpren os requisitos académicos recollidos neste anexo da convocatoria.
- b. Se non existe ningún informe negativo da residencia en que estivesen aloxadas.
- c. Se manteñen unhas condicións económicas similares ás que lles permitiron a obtención da praza no curso anterior.

## ANEXO II. NÚMERO, TIPO E PREZOS DAS PRAZAS NAS RESIDENCIAS DA UDC

### 1. Número e tipo de prazas

#### 1.1. Residencia Pública Universitaria Elvira Bao, A Coruña

Enderezo: Praza Museo Nacional de Ciencia 3, 15011 A Coruña

Ofertaranse **108 prazas**:

**2 en cuarto individual** destinadas ao alumnado cunha discapacidade igual ou superior ao 33%, asociada a dificultades na súa mobilidade, que requira dun aloxamento adaptado e

**106 en cuarto dobre (non mixtas)**

#### 1.2. Residencia Pública Universitaria, Ferrol

Enderezo: Rúa Sánchez Barcáiztegui 28, 15401 Ferrol

Se ofertarán **25 prazas**:

**15 en cuarto individual e**

**10 en cuarto dobre (non mixtos)**

Na solicitude de praza nesta residencia o alumnado deberá marcar se prefire ocupar un cuarto individual ou dobre ou optar polas dúas opcións marcando a súa preferencia no recadro correspondente.

As prazas serán outorgadas de acordo coa puntuación total obtida pola persoa solicitante consonte aos criterios académicos e económicos establecidos nas bases desta convocatoria.

### 2. Prezos das prazas nas residencias universitarias

#### 2.1. Prezos por praza

##### a) Prezos por praza subvencionada pola UDC que aboará cada estudante (euros/mes)

TIPO DE CUARTO	IMPORTE
Individual	138,00 € + 10 % IVE = <b>152€/mes</b>
Dobre	108,00 € + 10 % IVE = <b>119 €/mes</b>

##### b) Prezos por praza que aboará cada estudante con bolsa do Ministerio de Educación ou outras axudas similares (euros/mes)

Aquel alumnado con praza adxudicada no marco desta convocatoria e que teña **solicitada** a bolsa de carácter xeral do *Ministerio de Educación y Formación Profesional*, do Goberno Vasco ou de calquera outro organismo, así como calquera outra axuda ou bolsa que teña a mesma finalidade, **aboará**

**mensualmente o prezo da praza fixado na seguinte táboa:**

TIPO DE CUARTO	IMPORTE CON BOLSA
Individual	250,00 € + 10 % IVE = <b>275,00 €/mes</b>
Dobre	230,00 € + 10 % IVE = <b>253,00 €/mes</b>

Se con posterioridade á adxudicación da praza na residencia, lle fora denegada a solicitude de bolsa do Ministerio de Educación, ou calquera das outras axudas citadas, coa contía ligada á residencia, regularizárase o prezo.

En ningún caso o importe que será concedido na bolsa para esta finalidade, poderá ser superior ao custo real do servizo, de acordo co establecido no art. 19.3 da Lei 38/2003 de 17 de novembro Xeral de Subvencións.

No prezo inclúense os consumos de calefacción, electricidade, auga e conexión wifi.

Para as persoas adxudicatarias dunha praza reservada para persoas con discapacidade que precisen os servizos de asistencia persoal para garantir a súa autonomía, facilitarase, sen custo nin fianza adicional, outra cama dentro do mesmo cuarto.

**2.2.** O pagamento da mensualidade deberá realizarse dentro dos **cinco primeiros días de cada mes**, polo procedemento que se publicará xunto coa resolución definitiva de adxudicación.

**2.3.** As renuncias ás prazas das residencias **durante o curso académico** deberán ser comunicadas por correo electrónico a [bolsas@udc.gal](mailto:bolsas@udc.gal) e á residencia onde fora admitido/a, con un mínimo de **cinco días de antelación**.

- Residencia Pública Universitaria Elvira Bao, A Coruña: [residenciauniversitaria.coruna@udc.gal](mailto:residenciauniversitaria.coruna@udc.gal)
- Residencia Pública Universitaria de Ferrol: [residenciauniversitaria.ferrol@udc.gal](mailto:residenciauniversitaria.ferrol@udc.gal)

### ANEXO III. DOCUMENTACIÓN QUE SE DE DEBE ACHEGAR COAS SOLICITUDES

#### 1. Documentación xeral:

- a) Copia do documento de identificación DNI/NIE da persoa solicitante e dos membros computables da unidade familiar maiores de 14 anos. No caso dos membros da unidade familiar menores de 14 anos, copia do libro de familia.
- b) Certificado de convivencia do concello en que figuren empadroados todos os membros computables da unidade familiar.
- c) Documentación acreditativa que dea dereito a dedución no cálculo de la renda:
  - o As persoas con discapacidade: certificado de cualificación da discapacidade
  - o Título de familia numerosa
  - o Acreditación de orfandade absoluta

#### 2. Documentación académica:

- a) O alumando procedente do bacharelato que se incorpore por primeira vez á UDC deberá achegar o documento acreditativo da cualificación final obtida nas probas da ABAU se non as superou no Sistema Universitario Galego (copia de la tarxeta).
- b) O alumnado procedente de ciclos formativos de grao superior que se incorpore por primeira vez á UDC deberá achegar unha certificación académica persoal dos estudos que lle dean acceso á universidade, se non o superou na Comunidade Autónoma de Galicia.
- c) O alumnado de grao ou máster universitario oficial que no curso 2022/23 estivese matriculado nunha universidade distinta á UDC deberá presentar unha certificación académica persoal dos estudos realizados.

#### 3. Documentación económica

- a) Copia completa da declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas (IRPF) referida ao exercicio 2022 dos membros que constitúan a unidade familiar a que pertence a persoa solicitante, con acreditación da súa presentación.
- b) No caso de que a unidade familiar non teña a obriga de presentar a declaración da renda, deberá achegarse, segundo sexa o caso, a seguinte documentación:
  - Certificado de imputación da renda expedido pola AEAT correspondente ao exercicio 2022 dos membros que constitúen a unidade familiar a que pertence a persoa solicitante.
  - Certificado de prestacións e subsidios de desemprego percibidos durante o ano 2022, expedidos polo Servicio Público de Empleo Estatal (SEPE)
  - Xustificantes de ingresos de 2022 exentos do IRPF (RISGA, pensión de orfandade, pensión de discapacidade...)
  - Documentación acreditativa dos ingresos percibidos no estranxeiro polos membros da unidade familiar no ano 2022
  - No caso dos pensionistas, copia do xustificante anual da/s pensión/s

d) De ser o caso deberá presentar tamén os seguintes documentos:

- Copia da sentenza de separación ou divorcio e convenio regulador
- Copia da acta de constitución de sociedades e do imposto de sociedades

Rematado o proceso de adjudicación das prazas, a UDC verificará na AEAT a exactitude dos datos económicos presentados pola persoa solicitante. Procederá á revogación da praza concedida e á tramitación do correspondente procedemento sancionador en caso de haber discrepancias cos datos declarados.

## ANEXO IV. BAREMO PARA A VALORACIÓN DAS SOLICITUDES DE PRAZA

A puntuación total será a suma das puntuacións académica e económica obtidas consonte os seguintes criterios:

### 1.- Puntuación académica

1.1.- Alumnado que inicia estudos universitarios:

- A puntuación académica será a nota de acceso á universidade (excluída a parte voluntaria)

1.2.- Alumnado que continúa estudos:

Para o alumnado de continuación de estudos de grao e máster universitario oficial, a puntuación académica será a nota media calculada consonte ao especificado no epígrafe 2 do ANEXO I desta convocatoria.

Para o alumnado que inicia estudos de máster, a puntuación académica será a nota media do expediente académico da titulación que lle dá acceso ao máster.

### 2.- Puntuación económica

A puntuación económica outorgarase en función da renda persoal dispoñible, definida como a renda familiar da persoa solicitante, calculada segundo sinale o real decreto 117/2023 de 21 de febreiro, polo que se establecen os límites de renda e patrimonio e axudas ao estudo para o curso 2023/24, así como a convocatoria de bolsas de carácter xeral para o curso 2023/24 do Ministerio de Educación y Formación Profesional, e dividida polo número de membros da unidade familiar.

Consonte con la Renda Persoal Dispoñible se asignará ás solicitudes presentadas a seguinte puntuación:

RENDA PERSOAL DISPOÑIBLE (RPD)	PUNTOS
Por debaixo de 3.771 euros	4
Entre 3.771,00 e 4.822,66 euros	3,6
Entre 4.822,67 e 5.874,33 euros	3,2
Entre 5.874,34 e 6.926,00 euros	2,8
Entre 6.926,01 e 7.977,67 euros	2,4
Entre 7.977,68 e 9.029,34 euros	2
Entre 9.029,35 e 10.081,01 euros	1,6
Entre 10.081,02 e 11.132,68 euros	1,2
Entre 11.132,69 e 12.184,35 euros	0,8
Entre 12.184,36 e 13.236,00 euros	0,4
Superior a 13.236,00 euros	0

### 3.- Alumnado con discapacidade

A Vicerreitoría de Estudantes, Participación e Empregabilidade poderalles conceder unha puntuación adicional de entre 0 e 4 puntos ás persoas solicitantes de acordo co seu grao de discapacidade e as implicacións deste na súa mobilidade e no seu desenvolvemento das actividades cotiás.

Esta puntuación sumarase á obtida nos parágrafos anteriores.

## Baremo:

Grao de discapacidade do 33 %.....	1 punto
Grao de discapacidade entre o 34 % e o 50 %.....	2 puntos
Grao de discapacidade entre o 51 % e o 75 %.....	3 puntos
Grao de discapacidade superior ao 75 %.....	4 puntos

## ANEXO V\_ SOLICITUDE DE PRAZA DE ALOXAMENTO NA RESIDENCIA PÚBLICA UNIVERSITARIA ELVIRA BAO, A CORUÑA\_2023/24

NOVA ADMISIÓN  SOLICITUDE DE RENOVACIÓN **DATOS PERSOALS:** (encher en letra maiúscula)HOME  MULLER  OUTRO  NON DECLARO 

Apelidos e nome:..... NIF/NIE/Pasaporte: .....  
Data nacemento ..... Enderezo a efectos de notificación: .....  
C. Postal:..... Poboación ..... Provincia..... País: .....  
Teléfono contacto alumnado:..... Enderezo electrónica: .....

**DATOS ACADÉMICOS CURSO 2023/24:**

Alumno/a do Grao: .....  
 Alumno/a do Máster:.....  
 Solicitará bolsa do Ministerio para o curso 2023/24?:  SI  NO

**DATOS ACADÉMICOS CURSO 2022/2023:**

Estudios realizados no curso 2022/2023 (ou no último curso matriculado):.....  
Se estes estudos foron realizados noutra universidade, indíquese:.....

**DATOS CATASTRAIS:**

Referencia catastral da vivenda habitual: .....

**DATOS DOS MIEMBROS DA UNIDADE FAMILIAR COS QUE CONVIVE A 31/12/2022:**

	NIF	Apelidos e nome	Data de nacemento
1			
2			
3			
4			
5			
6			
7			

**DOCUMENTACIÓN QUE DEBE PRESENTAR:** (marque cun X a documentación que entrega)

- Fotocopia del DNI do solicitante e dos demais membros computables da unidade familiar maiores de 14 anos  
 Certificado conxunto de convivencia da unidade familiar  
 Certificado de discapacidade, se é o caso  
 Documentación económica esixida e especificada no ANEXO III da convocatoria  
 Documentación académica esixida e especificada en el ANEXO III da convocatoria

As persoas que abaixo asinan, declaran responsablemente que é certa a información e a documentación incorporada á presente solicitude e autorizan a Universidade da Coruña a solicitarlle á Axencia Estatal da Administración Tributaria os datos necesarios para determinar a renda para o recoñecemento, seguimento e control das prazas de aloxamento nas residencias universitarias en aplicación do disposto na disposición adicional cuarta da Lei 40/1998 do IRPF, do 9 de decembro

Data: .....

Sinaturas:

Solicitante	Proxenitor 1	Proxenitor 2	Outros membros da unidade familiar

En cumprimento do artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais (RGPD), y do artigo 11 de la Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais (LOPD), infórmase de que os datos persoais facilitados nesta solicitude serán tratados baixo a responsabilidade da Universidade da Coruña (UDC), con datos de contacto Maestranza 9, 15001, A Coruña, teléfono 981167000, enderezo electrónico [rdp@udc.gal](mailto:rdp@udc.gal).

A finalidade do tratamento destes datos persoais é a xestión das prazas adxudicadas nas residencias universitarias da UDC. Todas as persoas que entren en contacto con estes datos coa citada finalidade cumprirán o deber de confidencialidade establecido no art. 5 LOPD. A Fundación UDC será a encargada de xestionar as altas e baixas do alumnado adxudicatario de praza consonte a esta convocatoria, para o cal a UDC comunicarlle os datos necesarios para desempeñar esta función, tal e como se reflicte no Encargo de xestión á Fundación UDC e na convocatoria de prazas para as residencias.

A persoa interesada consinte a publicación dos seus datos na resolución da solicitude no Taboleiro Oficial da Sede electrónica da UDC, na forma prevista na disposición adicional 7ª LOPD, e consinte no indicado tratamento dos datos a efectos de cumprir a finalidade descrita, nos termos establecidos na convocatoria; terá dereito a retirar o seu consentimento en calquera momento, sen efectos retroactivos, agás que o tratamento quedase xustificando por algunha das demais bases de lexitimación do art. 6 RGPD. Poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, portabilidade e limitación de tratamento, nos termos previstos na lexislación vixente, a través de las vías indicadas en: [https://www.udc.es/es/gobierno/equipo\\_reitoral/secretaria/proteccion-de-datos/normativa-dereitos-e-rexistro/](https://www.udc.es/es/gobierno/equipo_reitoral/secretaria/proteccion-de-datos/normativa-dereitos-e-rexistro/)



## ANEXO VI SOLICITUDE DE PRAZA DE ALOXAMIENTO NA RESIDENCIA PÚBLICA UNIVERSITARIA DE FERROL\_2023/24

NOVA ADMISIÓN  SOLICITUDE DE RENOVACIÓN 

ESCOLLE A TÚA PREFERENCIA (só podes marcar un recadro. No caso de que marques máis dun recadro, a túa solicitude será anulada):

Cuarto INDIVIDUAL  Cuarto DOBRE  
 1ª opción cuarto INDIVIDUAL e 2ª opción cuarto DOBRE  1ª opción cuarto DOBRE e 2ª opción cuarto INDIVIDUAL

**DATOS PERSOAIS:** (encher en letra maiúscula)HOME  MULLER  OUTRO  NON DECLARO 

Apelidos e nome: ..... NIF/NIE/Pasaporte: .....  
Data nacemento ..... Enderezo a efectos de notificación: .....  
C. Postal: ..... Poboación ..... Provincia ..... País: .....  
Teléfono contacto alumnado: ..... Enderezo electrónica: .....

**DATOS ACADÉMICOS CURSO 2023/24:**

Alumno/a do Grao: .....  
 Alumno/a do Máster: .....  
 Solicitará bolsa do Ministerio para o curso 2023/24?:  SI  NO

**DATOS ACADÉMICOS CURSO 2022/2023:**

Estudios realizados no curso 2022/2023 (ou no último curso matriculado): .....  
Se estes estudos foron realizados noutra universidade, indíquese: .....

**DATOS CATASTRAIS:**

Referencia catastral da vivenda habitual: .....

**DATOS DOS MIEMBROS DA UNIDADE FAMILIAR COS QUE CONVIVE A 31/12/2022:**

	NIF	Apelidos e nome	Data de nacemento
1			
2			
3			
4			
5			
6			
7			

**DOCUMENTACIÓN QUE DEBE PRESENTAR:** (marque cun X a documentación que entrega)

- Fotocopia do DNI do solicitante e dos demais membros computables da unidade familiar maiores de 14 anos  
 Certificado conxunto de convivencia da unidade familiar  
 Certificado de discapacidade, se é o caso  
 Documentación económica esixida e especificada no ANEXO III da convocatoria  
 Documentación académica esixida e especificada no ANEXO III da convocatoria

As persoas que abaixo asinan, declaran responsablemente que é certa a información e a documentación incorporada á presente solicitude e autorizan a Universidade da Coruña a solicitarlle á Axencia Estatal da Administración Tributaria os datos necesarios para determinar a renda para o recoñecemento, seguimento e control das prazas de aloxamento nas residencias universitarias en aplicación do disposto na disposición adicional cuarta da Lei 40/1998 do IRPF, do 9 de decembro

Data: .....

Sinaturas:

Solicitante	Proxenitor 1	Proxenitor 2	Outros membros da unidade familiar

En cumprimento do artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais (RGPD), e do artigo 11 de la Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais (LOPD), infórmase de que os datos persoais facilitados nesta solicitude serán tratados baixo a responsabilidade da Universidade da Coruña (UDC), con datos de contacto Maestranza 9, 15001, A Coruña, teléfono 981167000, enderezo electrónico [rpd@udc.gal](mailto:rpd@udc.gal).

A finalidade do tratamento destes datos persoais é a xestión das prazas adxudicadas nas residencias universitarias da UDC. Todas as persoas que entren en contacto con estes datos coa citada finalidade cumpriran o deber de confidencialidade establecido no art. 5 LOPD. A Fundación UDC será a encargada de xestionar as altas e baixas do alumnado adxudicatario de praza consonte a esta convocatoria, para o cal a UDC comunicarlle os datos necesarios para desempeñar esta función, tal e como se reflicte no Encargo de xestión á Fundación UDC e na convocatoria de prazas para as residencias.

A persoa interesada consente a publicación dos seus datos na resolución da solicitude no Taboleiro Oficial da Sede electrónica da UDC, na forma prevista na disposición adicional 7ª LOPD, e consente no indicado tratamento dos datos a efectos de cumprir a finalidade descrita, nos termos establecidos na convocatoria; terá dereito a retirar o seu consentimento en calquera momento, sen efectos retroactivos, agás que o tratamento quedase xustificado por algunha das demais bases de lexitimación do art. 6 RGPD. Poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, portabilidade e limitación de tratamento, nos termos previstos na lexislación vixente, a través de las vías indicadas en: [https://www.udc.es/es/gobierno/equipo\\_reitoral/secretaria/proteccion-de-datos/normativa-dereitos-e-rexistro/](https://www.udc.es/es/gobierno/equipo_reitoral/secretaria/proteccion-de-datos/normativa-dereitos-e-rexistro/)